

## CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

*Orde do 14 de marzo de 2011 pola que se resolve a convocatoria para a provisión, polo sistema de libre designación, dun posto de traballo vacante nesta consellería, anunciada pola Orde do 4 de febreiro de 2011.*

Convocada a provisión, polo sistema de libre designación, dun posto de traballo vacante na Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, por Orde do 4 de febreiro de 2011 (*Diario Oficial de Galicia* nº 30, do 14 de febreiro), e de conformidade co establecido no artigo 29º.2 do Decreto lexislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia, e no artigo 16º do Decreto 93/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o regulamento de provisión de postos de traballo, promoción profesional e promoción interna, e no uso das atribucións conferidas polo artigo 17º.4 do referido decreto, esta consellería

### DISPÓN:

Primeiro.-Resolver a convocatoria para a provisión, polo sistema de libre designación, dun posto de traballo vacante na Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, anunciada pola Orde do 4 de febreiro de 2011 (*Diario Oficial de Galicia* nº 30, do 14 de febreiro).

Segundo.-Adxudicar destino, no posto de traballo que se indica, ao funcionario que se relaciona no anexo desta orde.

Terceiro.-O cesamento no actual destino do funcionario que obteña praza producirase no prazo de tres días, contados a partir do seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

O prazo de toma de posesión da praza adxudicada será de tres días a partir do seguinte ao do cesamento, de tratarse da mesma localidade onde actualmente a funcionaria preste servizos, ou dun mes se radica en distinta localidade, de conformidade co establecido no artigo 14º do Decreto 93/1991, do 20 de marzo, e tal como dispón a base sétima da convocatoria.

O cómputo de prazo de posesión iniciarse cando remate o permiso ou licenza que, se é o caso, lle fose concedido á interesada. No suposto de baixa temporal ou transitoria iniciárase a partir da correspondente alta.

Cuarto.-A xefatura do centro no que cause baixa a funcionario, así como a daquel no que obteña destino, consignarán no título administrativo, dentro do prazo sinalado no punto anterior, as correspondentes dilixencias de cesamento e toma de posesión, das que se dará traslado a Dirección Xeral da Función Pública.

Quinto.-Contra esta orde, que esgota a vía administrativa, o interesado poderá interpor potestativamente recurso de reposición ante este mesmo órgano no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, segundo a redacción dada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, ou poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o xulgado do contencioso-administrativo competente no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da súa publicación.

Santiago de Compostela, 14 de marzo de 2011.

Agustín Hernández Fernández de Rojas  
Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e  
Infraestruturas

### ANEXO

Apelidos e nome: Nieto Zas, María Encarnación.  
NRP: 3528856068 A2061.

Grupo: A1.

Denominación do posto de traballo: Servizo de Ordenación do Territorio.

Código do posto de traballo: OT.C03.00.002.15770.020.

Centro directivo: Dirección Xeral de Sostibilidade e Paisaxe.

Localidade: Santiago de Compostela.

Corpo/escala: corpo facultativo superior da Xunta de Galicia, escala de arquitectos.

Administración: especial.

Nivel: 28.

Complemento específico: 15.981,84 €.

## CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

*Orde do 17 de marzo de 2011 pola que se convoca concurso de méritos para a selección e nomeamento da dirección dos centros docentes públicos que imparten as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.*

O Decreto 29/2007, do 8 de marzo, regula a selección, nomeamento e cesamento de directores e directoras dos centros docentes públicos que imparten as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, mediante un concurso en que se garantan os principios de igualdade, publicidade, mérito e capacidade, entre funcionarios e funcionarias de carreira dun corpo docente, en situación de servizo activo e que estean prestando servizos nun centro educativo dependente da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. O decreto recolle que a selección deberá realizarse no propio centro por unha comisión constituída por representantes da

Administración e do centro e que os e as aspirantes deberán superar un programa de formación inicial.

Procede, convocar concurso de méritos para seleccionar as direccións dos centros que rematan o seu mandato no actual curso académico 2010-2011.

Na súa virtude, esta Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

### DISPÓN:

#### Primeiro.-*Convocatoria.*

Convócase concurso de méritos para seleccionar e nomear as direccións dos centros docentes públicos onde se imparten ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, que se relacionan no anexo I a esta orde.

A selección realizarase de conformidade cos principios de igualdade, publicidade, mérito e capacidade.

Segundo.-*Requisitos para ser candidata ou candidato á dirección.*

1. Para participar neste concurso de méritos para ser nomeada directora ou director dun centro docente público dependente da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria deberán reunirse os seguintes requisitos:

a) Ser funcionaria ou funcionario de carreira dun corpo docente a que se refire a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

b) Estar en situación de servizo activo.

c) Ter unha antigüidade de polo menos cinco anos como funcionaria ou funcionario de carreira na función pública docente.

d) Ter impartido docencia directa como funcionaria ou funcionario de carreira durante un período de polo menos cinco anos, nalgunha das ensinanzas das que ofrece o centro a que se opta. Para estes efectos, enténdese que as funcionarias e funcionarios responsables da orientación educativa e profesional imparten docencia directa.

e) Estar prestando servizos nun centro educativo dependente da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

f) Estar prestando servizos en centros docentes públicos, nalgunha das ensinanzas das que se ofrecen no centro a que se opta, cunha antigüidade de polo menos un curso completo ao publicarse a convocatoria. Para estes efectos considéranse as mesmas ensinanzas a educación infantil e a educación primaria.

2. Para participar no concurso de méritos para ser nomeada directora ou director dun centro público específico de educación infantil, incompleto de educación primaria, nos de educación secundaria con menos de oito unidades, nos que se imparten ensinanzas artísticas profesionais ou superiores deporti-

vas, de idiomas ou nos centros específicos de adultos con menos de oito profesores, non se exixirán os requisitos establecidos nas letras c) e d) do punto 1 desta epígrafe.

#### Terceiro.-*Solicitudes e documentación.*

1. A solicitude de participación no concurso de méritos dirixirse á xefatura territorial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da provincia correspondente, no modelo que se publica como anexo III nesta convocatoria, achegando ademais:

a) Documentación acreditativa dos méritos académicos e profesionais alegados en relación co baremo que se publica como anexo II a esta orde.

b) Se é o caso, certificación da dirección do centro que acredite que o solicitante ten destino definitivo no centro.

c) Proxecto de dirección que inclúa, polo menos, os obxectivos, as liñas de actuación e a súa avaliación. No proxecto de dirección deberá facerse referencia entre os seus obxectivos xerais e as liñas prioritarias de actuación ás previstas nos artigos 9º e 10º da Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes.

O proxecto de dirección non excederá de 30 folios DIN A4, nun tipo de letra: Times New Roman, espazo entre liñas: 1,5.

d) Calquera outra documentación que a candidata ou candidato considere idónea en interese da súa solicitude.

2. Efectuarase unha solicitude por cada centro que se demande ata un máximo de dous.

3. Así mesmo, os participantes no concurso de méritos remitirán ao centro ou centros docentes que soliciten unha copia do seu proxecto de dirección. Este proxecto estará á disposición dos membros do claustro de profesores e do Consello Escolar na secretaría do centro durante un período mínimo de 10 días lectivos, no horario que estableza a dirección do centro.

No taboleiro de anuncios da sala de profesores exporase unha relación das candidaturas presentadas, así como o prazo e o horario no que poderán verse os proxectos de dirección na secretaría.

4. A solicitude, xunto coa documentación a que se alude no punto anterior, poderase presentar nos departamentos territoriais da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria ou en calquera das dependencias a que alude o artigo 38º da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

No caso de que se opte por presentar a súa solicitude ante unha oficina de correos, farase en sobre aberto, para que a instancia sexa datada e selada polo funcionario de correos antes de ser certificada.

*Cuarto.-Prazo de solicitude.*

O prazo de presentación de solicitudes e documentación será de vinte naturais contados a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

*Quinto.-Comisión de selección.*

1. En cada centro educativo constituirase unha comisión de selección, nomeada polo xefe territorial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, que terá a seguinte composición:

a) Unha inspectora ou inspector de educación, designados pola xefatura territorial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, que exercerá como presidenta ou presidente.

b) Tres profesoras ou profesores do centro elixidos polo claustro de profesores, en reunión extraordinaria para estes efectos. Cada profesor ou profesora poderá emitir dous votos.

c) Tres membros do Consello Escolar, elixidos por e entre os membros do Consello Escolar que non son profesoras ou profesores, en reunión extraordinaria para estes efectos. Cada membro do Consello Escolar poderá emitir dous votos.

2. Actuará como secretaria ou secretario da comisión o representante do claustro de profesores con menor antigüidade como funcionaria ou funcionario de carreira e, en caso de empate, o máis novo.

3. A representación do Consello Escolar do centro non poderá recaer no alumnado que estea matriculado nun curso inferior a terceiro de educación secundaria obrigatoria.

4. En ningún caso, as candidatas ou candidatos á dirección poderán formar parte da comisión de selección.

5. Designaranse suplentes dos membros da comisión de selección en cada un dos ámbitos de representación que actuarán en substitución dos titulares cando exista causa xustificada que impida a actuación destes.

6. Aos membros da comisión de selección seranlles de aplicación as normas sobre abstención e recusación previstas nos artigos 28º e 29º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

7. A dirección do centro efectuará a proposta de nomeamento dos representantes do claustro e do Consello Escolar na comisión de selección, a xefatura territorial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, no prazo dos cinco días seguintes ao remate do prazo de solicitudes establecido na epígrafe cuarta desta orde.

8. A non-elección dos representantes do claustro de profesores ou do Consello Escolar non impedirá a constitución da comisión de selección. De non eli-

xirse os representantes do claustro e do Consello Escolar, a xefatura territorial nomeará a dirección do centro por un período de dous anos, oídos o Claustro e o Consello Escolar.

9. A composición da comisión de selección publicárase no taboleiro de anuncios do centro.

*Sexto.-Composición da comisión de selección en determinados supostos.*

Cando o número de profesorado do centro sexa inferior a catro ou o número de candidaturas á dirección non permita ao claustro elixir a tres membros de entre o profesorado, a composición da comisión de selección será a seguinte:

-Unha inspectora ou inspector de educación, designado pola xefatura territorial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, que exercerá como presidenta ou presidente.

-Un profesor ou profesora do centro elixida polo claustro de profesorado. Cada profesor ou profesora poderá emitir un só voto.

-Un membro do Consello Escolar, elixido por e entre os seus compoñentes que non sexan profesoras ou profesores. Cada membro do Consello Escolar poderá emitir un só voto.

*Sétimo.-Funcións da comisión de selección e procedemento de funcionamento.*

1. Recibidas as solicitudes presentadas no departamento territorial, a comisión de selección comprobará que as/os aspirantes reúnen os requisitos establecidos nesta orde e notificaralles aos aspirantes a admisión ou rexeitamento da súa petición.

2. Contra o rexeitamento da solicitude os aspirantes poderán presentar reclamación perante a propia comisión seleccionadora, no prazo de cinco días naturais contados desde o día seguinte ao da notificación da desestimación da solicitude.

3. A comisión de selección valorará os méritos académicos e profesionais de cada aspirante, de acordo co baremo que se publica como anexo II a esta orde.

4. A comisión de selección valorará, así mesmo, os proxectos de dirección, de acordo co establecido no baremo que se publica no anexo II desta orde, podendo ter unha entrevista co profesorado que presentou candidatura se considera necesario clarificar algúns aspectos do proxecto de dirección. Cando a comisión de selección decida a realización desta entrevista, deberá efectuala a todos e cada un dos candidatos e candidatas.

5. A cualificación do proxecto de dirección será a media aritmética das cualificacións de todos os membros presentes da comisión. Cando entre as puntuacións outorgadas polos membros da comisión exista unha diferenza de tres ou máis enteiros, serán automaticamente excluídas as cualificacións máxi-

ma e mínima, calculándose a puntuación media entre as cualificacións restantes. No caso de empate entre cualificacións máximas ou mínimas, unicamente será excluída unha delas.

6. Contra as puntuacións outorgadas pola comisión de selección poderá presentarse reclamación ante a propia comisión no prazo de dez días hábiles computados a partir do día seguinte ao da súa publicación no taboleiro de anuncios do centro educativo.

*Oitavo.-Selección das candidaturas.*

1. Transcorrido o prazo de reclamacións e, se é o caso, resoltas estas, a comisión de selección establecerá a puntuación final obtida polas aspirantes, e seleccionará a candidata ou candidato que proporán como directora ou director do centro, para o seu nomeamento pola xefatura territorial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

2. Para poder ser seleccionado e ser nomeado para a dirección é necesario obter polo menos seis puntos no proxecto de dirección.

3. A selección realizarase considerando, primeiro, as candidaturas do profesorado que teña destino definitivo no centro, que terán preferencia. En ausencia de candidaturas do centro ou cando estas non fosen seleccionadas, a comisión valorará as candidaturas do profesorado doutros centros.

4. No caso de se produciren empates na puntuación total dos aspirantes, estes dirimiranse atendendo sucesivamente aos seguintes criterios:

- a) Maior puntuación no proxecto de dirección.
- b) Maior puntuación na epígrafe 2 do baremo.
- c) Maior puntuación na epígrafe 1 do baremo.

5. Se unha candidata ou candidato resultase seleccionado para dous centros resultará nomeada/o no centro no que tivera destino definitivo. De non ter destino definitivo en ningún dos centros será nomeada/o no centro polo que opte, procedéndose a seleccionar e nomear no centro non elixido a outra ou outro aspirante que reúna os requisitos con maior puntuación.

*Noveno.-Recursos.*

Contra a decisión da comisión de selección, resolvendo definitivamente o concurso de méritos de selección e nomeamento da dirección do centro, cabe recurso de alzada, no prazo dun mes, ante a xefatura territorial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

*Décimo.-Programa de formación inicial.*

1. As/os aspirantes seleccionadas/os que non estean exentos deberán superar un programa de formación inicial, organizado pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Aqueles candidatos e candidatas que non superen este programa

de formación inicial non poderán ser nomeados directores ou directoras.

2. O programa de formación inicial consistirá nun curso teórico e na realización de supostos prácticos. O curso teórico deberá ter unha duración mínima de cen horas e incorporar no seu programa contidos sobre sistemas de xestión de calidade dos centros educativos, planificación e organización das actividades escolares, a organización e xestión de recursos humanos, procedementos de xestión administrativa e orzamentaria, formación para a convivencia, elaboración do proxecto lingüístico do centro, igualdade de xénero, mediación e resolución pacífica de conflitos, normativa en materia de centros da lingua galega, alumnado e profesorado.

3. O deseño destes cursos realizarao o Servizo de Formación do Profesorado, serán organizados polos centros de formación e recursos.

*Décimo primeiro.-Exención do programa de formación inicial.*

1. Estarán exentos de realizar este programa inicial de formación aqueles aspirantes que acrediten unha experiencia de polo menos dous anos no exercicio da dirección de centros docentes públicos. Computará, para estes efectos, como un ano o nomeamento polo período lectivo dun curso académico e estar desempeñando a dirección no actual curso académico.

2. O profesorado que estivese acreditado para o exercicio da dirección dos centros docentes públicos estará exento da realización do curso teórico do programa de formación inicial.

*Décimo segundo.-Avaliación do programa de formación.*

Para a avaliación do programa de formación inicial constituirase unha comisión de ámbito provincial, nomeada pola/o xefa/xefe territorial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e da que formarán parte:

- a) O xefe ou xefa do Servizo da Inspección, que actuará como presidenta ou presidente.
- b) Un director ou directora dun centro que imparta educación infantil, educación primaria ou educación infantil e primaria.
- c) Un director ou directora dun centro que imparta educación secundaria.
- d) Un director ou directora dun centro que imparta ensinanzas de réxime especial.
- e) O director ou directora de cada centro de formación e recursos da provincia.
- f) Unha funcionaria ou funcionario da delegación provincial, que actuará como secretario, con voz e sen voto.

Décimo terceiro.-*Nomeamento.*

1. A xefatura territorial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria procederá a nomear directora ou director:

a) A aquelas candidatas e candidatos seleccionados que estean exentos da realización do programa de formación inicial.

b) A aquelas candidatas e candidatos seleccionados que teñan superado o programa de formación inicial.

2. Os nomeamentos das direccións realizaranse con efectividade do 1 de xullo de 2011 e por unha duración de catro anos, prorrogables de acordo co previsto no Decreto 29/2007, do 8 de marzo, polo que se regula a selección, nomeamento e cesamento dos directores e directoras dos centros docentes públicos que imparten as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

3. Cando o nomeamento recaia nunha funcionaria ou funcionario que non teña destino definitivo no centro, a dirección desempeñarase en réxime de comisión de servizos.

Décimo cuarto.-*Nomeamento con carácter extraordinario.*

1. Nos supostos de ausencia de candidatos, ou cando a comisión correspondente non seleccione ningún candidato, ou nos centros de nova creación, a dirección será nomeada pola xefatura territorial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, oídos o claustro de profesores e o Consello Escolar, por un período de dous anos, entre o profesorado que reúna os requisitos establecidos na epígrafe segunda desta orde, e preferentemente que teña destino definitivo no centro.

2. A persoa seleccionada deberá realizar o programa de formación inicial agás que estivese exenta da súa realización, conforme o previsto na epígrafe décimo primeira desta orde.

*Disposicións adicionais*

Primeira.-Se con data do 30 de xuño de 2011 non estivese rematado o programa de formación inicial, a efectividade da duración do nomeamento da dirección quedará supeditada á superación do programa.

Segunda.-Excepcionalmente, poderá aprazarse a realización do programa de formación inicial no caso de estar gozando de licenza por embarazo ou de incapacidade temporal. Neste suposto, a efectividade da duración do nomeamento da dirección quedará supeditada á superación posterior do programa.

Santiago de Compostela, 17 de marzo de 2011.

Jesús Vázquez Abad  
Conselleiro de Educación e Ordenación  
Universitaria

## ANEXO I

A Coruña.

Cód. centro	Centro	Concello	Provincia
15000338	CPI Conde de Fenosa	Ares	A Coruña
15023041	CEIP de Galán	Arteixo	A Coruña
15032376	EEl de Vilarrodís-Oseiro	Arteixo	A Coruña
15027733	IES de Arzúa	Arzúa	A Coruña
15001124	CEIP Francisco Vales Villamarín	Betanzos	A Coruña
15001367	CEIP de Abanqueiro	Boiro	A Coruña
15001616	CEIP de Escarabote	Boiro	A Coruña
15023341	CEIP Santa María do Castro	Boiro	A Coruña
15027851	IES A Cachada	Boiro	A Coruña
15026698	IES Espiñeira	Boiro	A Coruña
15001665	CPI Antonio Orza Couto	Boqueixón	A Coruña
15001847	CEIP de Pedrouzos	Brión	A Coruña
15001926	CPI As Revoltas	Cabana de Bergantiños	A Coruña
15002050	CEIP O Areal	Camariñas	A Coruña
15023065	CEIP Gonzalo Torrente Ballester	Cambre	A Coruña
15020969	CEIP Mosteiro de Caaveiro	Capela, A	A Coruña
15032251	CRA Ponte da Pedra	Carballo	A Coruña
15002581	IES Alfredo Brañas	Carballo	A Coruña
15003005	CPI Vicente Otero Valcárcel	Carral	A Coruña
15026376	IES Punta Candieira	Cedeira	A Coruña
15003224	IES Fernando Blanco	Cee	A Coruña
15002670	CEIP Canosa-Rus	Coristanco	A Coruña
15003807	CEIP de Bormoio-Agualada	Coristanco	A Coruña
15003881	CPI Alcalde Xosé Pichel	Coristanco	A Coruña
15026480	CRA Novo Mencer	Coristanco	A Coruña
15005336	CEE Nosa Señora do Rosario	Coruña, A	A Coruña
15005038	CEIP de Prácticas	Coruña, A	A Coruña
15019311	CEIP María Barbeito e Cervino	Coruña, A	A Coruña
15004991	CEIP Montel Touzet	Coruña, A	A Coruña
15005014	CEIP Raquel Camacho	Coruña, A	A Coruña
15005361	CEIP Rosalía de Castro	Coruña, A	A Coruña
15021548	CEIP Sal Lence	Coruña, A	A Coruña
15025025	CEIP San Francisco Javier	Coruña, A	A Coruña
15021536	CEIP Víctor López Seoane	Coruña, A	A Coruña
15005233	IES Agra do Orzán	Coruña, A	A Coruña
15005397	IES Fernando Wirtz Suárez	Coruña, A	A Coruña
15025611	IES Monte das Moas	Coruña, A	A Coruña
15005211	IES Salvador de Madariaga	Coruña, A	A Coruña
15027253	CEIP Isaac Díaz Pardo	Culleredo	A Coruña
15005749	IES Universidade laboral	Culleredo	A Coruña
15032492	CRA de Dodro	Dodro	A Coruña
15021810	CEIP Santa Eulalia de Dumbría	Dumbría	A Coruña
15020982	CEIP O Ramo	Fene	A Coruña
15024941	CEIP A Laxe	Ferrol	A Coruña
15026960	CEIP de Ponzos	Ferrol	A Coruña
15021834	CEIP Manuel Masdías	Ferrol	A Coruña
15006699	CEIP Recimil	Ferrol	A Coruña
15027617	CMUS Profesional Xan Viaño	Ferrol	A Coruña
15021469	IES Leixa	Ferrol	A Coruña
15007266	CEIP Areouta	Fisterra	A Coruña
15007242	CEIP Mar de Fóra	Fisterra	A Coruña
15027915	IES Fin do Camiño	Fisterra	A Coruña
15007655	CEIP de Caión	Laracha, A	A Coruña
15007621	CPI Cabo da Area	Laxe	A Coruña
15008805	CEIP Melide nº 1	Melide	A Coruña
15027526	CEIP Mestre Pastor Barral	Melide	A Coruña
15008817	IES de Melide	Melide	A Coruña
15009445	CEIP Unión Mugardeza	Mugardos	A Coruña
15025657	IES de Mugardos	Mugardos	A Coruña
15027940	IES As Insuas	Muros	A Coruña
15009676	CEIP Virxe da Barca	Muxía	A Coruña
15027927	IES Ramón Caamaño	Muxía	A Coruña
15022310	CEIP A Cándara	Narón	A Coruña
15022577	CEIP de Maciñeira	Neda	A Coruña

Cód. centro	Centro	Concello	Provincia
15026731	IES Campo de San Alberto	Noia	A Coruña
15011026	CEIP de Rabadeira	Oleiros	A Coruña
15025670	CEIP Isidro Parga Pondal	Oleiros	A Coruña
15023089	CEIP Lufís Seoane	Oleiros	A Coruña
15025487	CEIP Campomaíor	Ordes	A Coruña
15011567	CEIP de Sigüeiro	Oroso	A Coruña
15012730	IES Camilo José Cela	Padrón	A Coruña
15023090	IES Macías o Namorado	Padrón	A Coruña
15013291	CEIP Eduardo Pondal	Ponteceso	A Coruña
15026406	IES de Ponteceso	Ponteceso	A Coruña
15013503	CEIP Couceiro Freijomil	Pontedeume	A Coruña
15025682	IES Fraga do Eume	Pontedeume	A Coruña
15026194	CEIP A Fraga	Pontes de García Rodríguez, As	A Coruña
15013643	CEIP A Magdalena	Pontes de García Rodríguez, As	A Coruña
15013591	CEIP Santa María	Pontes de García Rodríguez, As	A Coruña
15013989	CEIP de Queiruga	Porto do Son	A Coruña
15027401	CEIP Ana María Diéguez	Rianxo	A Coruña
15023430	CEP Xosé María Brea Segade	Rianxo	A Coruña
15026807	IES Félix Muriel	Rianxo	A Coruña
15024771	CEP de Carreira	Ribeira	A Coruña
15027711	IES Leliadoura	Ribeira	A Coruña
15014799	CEIP de Pumar-Urdilde	Roís	A Coruña
15032686	CEIP O Mosteirón	Sada	A Coruña
15014957	CPI de San Sadurniño	San Sadurniño	A Coruña
15026777	CEIP Pepe de Xan Baña	Santa Comba	A Coruña
15032327	CEE O Pedroso	Santiago de Compostela	A Coruña
15015652	CEIP Apóstolo Santiago	Santiago de Compostela	A Coruña
15015676	CEIP de Prácticas López Ferreiro	Santiago de Compostela	A Coruña
15021883	CEIP de Vite I	Santiago de Compostela	A Coruña
15024975	CEIP Pío XII	Santiago de Compostela	A Coruña
15032194	EOI de Santiago de Compostela	Santiago de Compostela	A Coruña
15015743	IES Arcebispo Xelmírez I	Santiago de Compostela	A Coruña
15027319	IES de Sar	Santiago de Compostela	A Coruña
15016784	CEIP Virxe do Portal	Sobrado	A Coruña
15026169	CRA de Teo	Teo	A Coruña
15027411	IES de Cacheiras	Teo	A Coruña
15018203	CPI de Bembibre	Val do Dubra	A Coruña
15018148	CPI de Atios	Valdoviño	A Coruña
15026509	CRA de Valdoviño	Valdoviño	A Coruña
15020921	CEIP de Présaras	Vilasantar	A Coruña
15026789	CEIP Bañas	Vimianzo	A Coruña
15019372	CEIP San Vicenzo	Vimianzo	A Coruña
15026418	IES Terra de Soneira	Vimianzo	A Coruña
15019281	CPI de Zas	Zas	A Coruña

## Lugo.

Cód. centro	Centro	Concello	Provincia
27016649	IES Alfoz-Valadouro	Alfoz	Lugo
27020859	CEIP de Cervo nº 1	Cervo	Lugo
27016509	IES Marqués de Sargadelos	Cervo	Lugo
27003655	CPI Poeta Uxío Novoneyra	Folgo do Courel	Lugo
27003850	CEIP Santa María	Fonsagrada, A	Lugo
27014811	IES Fontem Albei	Fonsagrada, A	Lugo
27005020	CEIP Lagostelle	Guitiriz	Lugo
27005056	CEIP Santo Estevo de Parga	Guitiriz	Lugo
27005469	CEIP Ricardo Gasset	Incio, O	Lugo
27005913	CPI Ramón Piñeiro	Láncara	Lugo
27020707	CDAN Conservatorio Profesional de Danza	Lugo	Lugo
27006395	CEIP Benigno Quiroga Ballesteros	Lugo	Lugo
27016467	CEIP Menéndez y Pelayo	Lugo	Lugo
27006292	CEIP Virxe da Soidade	Lugo	Lugo
27015955	EOI de Lugo	Lugo	Lugo
27601509	EPAPU Albeiros	Lugo	Lugo
27015773	IES A Piringalla	Lugo	Lugo

Cód. centro	Centro	Concello	Provincia
27006531	IES Lucus Augusti	Lugo	Lugo
27014070	CEIP de Palas de Rei	Palas de Rei	Lugo
27009463	CEIP de Bretoña	Pastoriza, A	Lugo
27010064	CEIP Rosalía de Castro	Pol	Lugo
27016297	IES Enrique Muruais	Pontenova, A	Lugo
27015189	IES de Quiroga	Quiroga	Lugo
27011032	CEIP de San Clodio	Ribas de Sil	Lugo
27014240	CEIP de Samos	Samos	Lugo
27012048	IES Xograr Alfonso Gómez de Sarria	Sarria	Lugo
27015979	CEIP Eduardo Cela Vila	Triacastela	Lugo
27012887	CEIP do Vicedo	Vicedo, O	Lugo
27013338	CEIP Antonio Insua Bermúdez	Vilalba	Lugo
27015827	CEIP Terra Chá	Vilalba	Lugo
27013326	IES Lois Peña Novo	Vilalba	Lugo
27016406	CEIP de Covas	Viveiro	Lugo
27016170	CEIP Santa Rita	Viveiro	Lugo
27014100	EEl San Roque	Viveiro	Lugo
27013648	IES Vilar Ponte	Viveiro	Lugo
27016625	IES Illa de Sarón	Xove	Lugo

## Ourense.

Cód. centro	Centro	Concello	Provincia
32000058	CEIP Padre Feijóo	Allariz	Ourense
32016339	IES de Allariz	Allariz	Ourense
32015891	CEIP San Salvador	Arnoia	Ourense
32001002	CEIP Xoaquín Lourenzo Xocas	Bande	Ourense
32015906	CEIP Pena Corneira	Carballada de Avia	Ourense
32015037	IES Manuel Chamoso Lamas	Carballiño, O	Ourense
32003001	IES Nº 1	Carballiño, O	Ourense
32015682	CEIP de Castrelo de Val	Castrelo do Val	Ourense
32003771	CEIP Curros Enríquez	Celanova	Ourense
32005305	CPI Laureano Prieto	Gudiña, A	Ourense
32007272	CEIP Augusto Assía	Mezquita, A	Ourense
32020801	CRA de Monterrei	Monterrei	Ourense
32007739	CEIP Valle Inclán	Mufiños	Ourense
32008173	CEIP de Ómbra	Ómbra	Ourense
32015463	CEE Miño	Ourense	Ourense
32016327	CEIP A Ponte	Ourense	Ourense
32015190	CEIP Albino Núñez	Ourense	Ourense
32009165	CEIP As Mercedes	Ourense	Ourense
32009301	CEIP de Seixalbo	Ourense	Ourense
32008392	CEIP Inmaculada	Ourense	Ourense
32008793	CEIP Manuel Luis Acuña	Ourense	Ourense
32008768	CEIP O Couto	Ourense	Ourense
32008811	CEIP Virxe de Covadonga	Ourense	Ourense
32009360	CPI José García García	Ourense	Ourense
32009116	IES 12 de Outubro	Ourense	Ourense
32009190	IES As Lagoas	Ourense	Ourense
32008941	IES Eduardo Blanco Amor	Ourense	Ourense
32016765	IES Portovello	Ourense	Ourense
32015177	CPI de Padrenda Crespos	Padrenda	Ourense
32011135	CEIP Rogelio García Yáñez	Ramirás	Ourense
32011305	CPI Tomás de Lemos	Ribadavia	Ourense
32020628	CRA Amencer	Ribadavia	Ourense
32011330	IES O Ribeiro	Ribadavia	Ourense
32011901	CEIP Virxen do Camiño	Rubiá	Ourense
32012103	CPI Virxe da Saleta	San Cristovo de Cea	Ourense
32016042	CEIP de Sandiás	Sandiás	Ourense
32012425	CEIP de Sarreaus	Sarreaus	Ourense
32016790	IES Castro de Baranceli	Verín	Ourense
32014501	CEIP Rodolfo Núñez Rodríguez	Vilardevós	Ourense
32015141	CEIP San Martiño	Vilariño de Conso	Ourense
32004829	CEIP Rosalía de Castro	Xinzo de Limia	Ourense
32015232	IES Lagoa de Antela	Xinzo de Limia	Ourense
32005691	CEIP Padre Crespo	Xunqueira de Ambía	Ourense

Pontevedra.

Cód. centro	Centro	Concello	Provincia
36003480	CEIP de Agolada	Agolada	Pontevedra
36019657	IES Primeiro de Marzo	Baiona	Pontevedra
36000181	CEIP Amor Ruibal	Barro	Pontevedra
36000326	CEIP Montemogos	Bueu	Pontevedra
36020246	IES Illa de Ons	Bueu	Pontevedra
36015093	CEIP San Tomé	Cambados	Pontevedra
36019773	EEI da Pastora	Cambados	Pontevedra
36018975	CEIP A Rúa	Cangas	Pontevedra
36001057	CEIP do Hío	Cangas	Pontevedra
36000922	IES María Soliño	Cangas	Pontevedra
36001148	CPI da Cañiza	Cañiza, A	Pontevedra
36014945	CEIP de Valeixe	Cañiza, A	Pontevedra
36001343	CEIP San Xoán Bautista	Cerdedo	Pontevedra
36024197	IES de Cotobade	Cotobade	Pontevedra
36001665	CEIP de Tenorio	Cotobade	Pontevedra
36001707	CEIP Manuel Sieiro	Crecente	Pontevedra
36001975	CEIP Pto Cabanillas Gallas	Dozón	Pontevedra
36002359	IES Antón Losada Diéguez	Estrada, A	Pontevedra
36002220	CEIP Cabada Vázquez	Estrada, A	Pontevedra
36019323	IES Chano Piñeiro	Forcarei	Pontevedra
36014672	CEIP Serra Vincios	Gondomar	Pontevedra
36019232	IES Monte da Vila	Grove, O	Pontevedra
36003807	CEIP Rosalía de Castro	Grove, O	Pontevedra
36020271	CEIP As Bizocas	Grove, O	Pontevedra
36014878	CEIP de Commenio	Grove, O	Pontevedra
36003959	CEIP Manuel Rodríguez Sinde	Guarda, A	Pontevedra
36020283	IES da Illa de Arousa	Illa de Arousa, A	Pontevedra
36004101	CEIP Xesús Golmar	Lalín	Pontevedra
36013758	IES Laxeiro	Lalín	Pontevedra
36004681	CEIP de Seixo	Marín	Pontevedra
36004691	CEIP de Coirón Dena	Meaño	Pontevedra
36004745	IES A Paralaia	Moaña	Pontevedra
36013552	CEIP de Seara	Moaña	Pontevedra
36015378	CEIP de Tirán	Moaña	Pontevedra
36016796	EEI de Verducedo	Moaña	Pontevedra
36005087	CEIP Nosa Señora de Lourdes	Mondariz-Balneario	Pontevedra
36005142	CPI Santa Lucía	Moraña	Pontevedra
36013564	CEIP Pena de Francia	Mos	Pontevedra
36016619	CEIP de Atín-Cela	Mos	Pontevedra
36015184	IES Escolas Proval	Nigrán	Pontevedra
36005956	CEIP Carlos Casares	Nigrán	Pontevedra
36024756	CEE de Panxón	Nigrán	Pontevedra
36015160	EEI As Dunas Panxón	Nigrán	Pontevedra
36005865	CPI de Panxón	Nigrán	Pontevedra
36007060	CEIP de Chancelas	Poio	Pontevedra
36019621	ESCO de C. e Restauración de Bens Cult.	Poio	Pontevedra
36015895	CEIP de Espedregada	Poio	Pontevedra
36007591	CEIP Manuel Cordo Boullosa	Ponte Caldelas	Pontevedra
36007370	CEIP Feliciano Barrera	Ponteareas	Pontevedra
36007539	CEIP Fermín Bouza Brey	Ponteareas	Pontevedra
36024069	CRA A Picaraña	Ponteareas	Pontevedra
36024781	IES de Ponteareas	Ponteareas	Pontevedra
36014520	IES Pedra da Auga	Ponteareas	Pontevedra
36006833	CEIP San Martiño	Pontevedra	Pontevedra
36006717	IES Sánchez Cantón	Pontevedra	Pontevedra
36019268	IES Gonzalo Torrente Ballester	Pontevedra	Pontevedra

Cód. centro	Centro	Concello	Provincia
36006316	CEIP Príncipe Felipe	Pontevedra	Pontevedra
36006134	CEIP San Benito de Léz	Pontevedra	Pontevedra
36006420	CEIP Campolongo	Pontevedra	Pontevedra
36018689	EOI de Pontevedra	Pontevedra	Pontevedra
36006353	CEIP de Vilaverde Mourente	Pontevedra	Pontevedra
36018422	CEIP de Atios	Porriño, O	Pontevedra
36017715	CEIP Antonio Palacios	Porriño, O	Pontevedra
36016656	IES Pedro Floriani	Redondela	Pontevedra
36018410	CEIP Quintela	Redondela	Pontevedra
36007734	IES Mendiño	Redondela	Pontevedra
36007709	CEIP de Santo Paio de Abaixo	Redondela	Pontevedra
36007813	CPI Julia Becerra Malvar	Ribadumia	Pontevedra
36024616	CRA de Ribadumia	Ribadumia	Pontevedra
36013576	CPI Manuel Suárez Marquier	Rosal, O	Pontevedra
36024318	CRA Rafña Aragonta	Salceda de Caselas	Pontevedra
36016966	CEIP Carlos Casares	Salvaterra de Miño	Pontevedra
36008751	CEIP Infante Felipe de Borbón	Salvaterra de Miño	Pontevedra
36019104	CEIP Nantes	Sanxenxo	Pontevedra
36008829	CEIP Magaláns Dorrón	Sanxenxo	Pontevedra
36009032	CEIP de Bandeira	Silleda	Pontevedra
36024045	CRA Mestre Manuel Garcés	Tomíño	Pontevedra
36019049	CEIP de Barrantes	Tomíño	Pontevedra
36009895	CEIP Nº 2	Tui	Pontevedra
36009998	CEIP de Mosteiro Bembrive	Vigo	Pontevedra
36014601	IES Álvaro Cunqueiro	Vigo	Pontevedra
36016681	IES Carlos Casares	Vigo	Pontevedra
36019050	IES de Beade	Vigo	Pontevedra
36010150	CEIP Mestres Goldar	Vigo	Pontevedra
36010241	CEIP Illas Ctes	Vigo	Pontevedra
36015810	CEIP Sobreira Valadares	Vigo	Pontevedra
36016051	CEIP Seis do Nadal	Vigo	Pontevedra
36015366	CEIP O Pombal	Vigo	Pontevedra
36010484	CEIP Eduardo Pondal	Vigo	Pontevedra
36010162	CEIP A Canicouva	Vigo	Pontevedra
36015068	CEIP Balaídos	Vigo	Pontevedra
36013448	IES Manuel Antonio	Vigo	Pontevedra
36019153	EEI Rúa Hernán Cortés	Vigo	Pontevedra
36010711	CEP Dr. Fleming	Vigo	Pontevedra
36011592	IES Santa Irene	Vigo	Pontevedra
36009974	CEIP de Coutada Beade	Vigo	Pontevedra
36010721	CEIP Ramón y Cajal	Vigo	Pontevedra
36010101	CEIP O Sello	Vigo	Pontevedra
36014799	EEI Vila Laura	Vigo	Pontevedra
36010083	CEIP Carballal Cabral	Vigo	Pontevedra
36017697	CEIP Escultor Acuña	Vigo	Pontevedra
36010228	CEIP A Paz	Vigo	Pontevedra
36010137	CEIP da Igrexa Candeán	Vigo	Pontevedra
36010666	CEIP San Salvador	Vigo	Pontevedra
36011798	IES Alexandre Bóveda	Vigo	Pontevedra
36015032	CEIP de Chans Bembrive	Vigo	Pontevedra
36015937	CEIP de Merza	Vila de Cruces	Pontevedra
36013588	CPI do Toural	Vilaboa	Pontevedra
36015263	CEIP de Rubiáns	Vilagarcía de Arousa	Pontevedra
36013771	IES Fermín Bouza Brey	Vilagarcía de Arousa	Pontevedra
36012471	IES Castro Alobre	Vilagarcía de Arousa	Pontevedra
36016772	CEE de Vilagarcía de Arousa	Vilagarcía de Arousa	Pontevedra
36013096	CEIP San Bartolomé	Vilanova de Arousa	Pontevedra
36012985	CEIP de Sestelo Baión	Vilanova de Arousa	Pontevedra

ANEXO II

Méritos	Puntos	Documentación xustificativa
1. Antigüidade (máximo 4 puntos).		
1.1. Por cada ano de servizos como funcionaria ou funcionario de carreira que superen os cinco exixidos como requisitos:	0,50	Fotocopia cotexada do título administrativo coas dilixencias das distintas posesións e cesamentos que tivese desde o seu nomeamento como funcionaria ou funcionario de carreira ou, se é o caso, dos correspondentes documentos de inscrición nos rexistros de persoal.
1.2. Por cada ano de servizos como funcionaria ou funcionario de carreira noutros corpos ou escalas docentes que impartan algunha das ensinanzas regulados na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación:	0,25	Fotocopia cotexada do título administrativo coas dilixencias das distintas posesións e cesamentos que tivese desde o seu nomeamento como funcionaria ou funcionario de carreira ou, se é o caso, dos correspondentes documentos de inscrición nos rexistros de persoal.

Méritos	Puntos	Documentación xustificativa
2. Desempeño da dirección de centros públicos e outros cargos directivos e de postos na administración educativa (máximo seis puntos).		
2.1. Por cada ano como directora ou director nun centro que impartise algunha das ensinanzas do centro ao que se opta:	1	Fotocopia cotexada do nomeamento, coas dilixencias da toma de posesión e cesamento.
2.2. Por cada ano como directora ou director nun centro que non impartise algunha das ensinanzas do centro ao que se opta:	0,50	Fotocopia cotexada do nomeamento, coas dilixencias da toma de posesión e cesamento.
2.3. Por cada ano como subdirector ou xefe de servizo en postos da administración educativa:	0,50	Fotocopia cotexada do nomeamento, coas dilixencias da toma de posesión e cesamento.
2.4. Por cada ano como vicedirector, subdirector, secretario ou xefe de estudos dun centro que impartise algunha das ensinanzas do centro ao que se opta:	0,50	Fotocopia cotexada do nomeamento, coas dilixencias da toma de posesión e de posesión e cesamento.
2.5. Por cada ano como vicedirector, subdirector, secretario ou xefe de estudos dun centro que non impartise algunha das ensinanzas do centro ao que se opta:	0,25	Fotocopia cotexada do nomeamento, coas dilixencias da toma de posesión e cesamento.
2.6. Por cada ano como xefe de departamento, coordinador dos equipos de normalización lingüística, coordinador de ciclo e análogos, dun centro que impartise algunha das ensinanzas do centro ao que se opta:	0,15	Fotocopia cotexada do nomeamento, coas dilixencias da toma de posesión e de posesión e cesamento.
3. Méritos académicos: máximo 1 punto.		
3.1. Por cada título de doutor:	0,50	Fotocopia cotexada do título ou certificación do aboamento dos dereitos de expedición, de acordo co previsto na O.M. do 8 de xullo de 1988 (BOE do 13 de xullo).
3.2. Por cada título de licenciado, enxeñeiro ou arquitecto distinto do alegado para ingreso no corpo, ou polo certificado-diploma de estudos avanzados	0,25	Fotocopia cotexada do título ou certificación do aboamento dos dereitos de expedición, de acordo co previsto na O.M. do 8 de xullo de 1988 (BOE do 13 de xullo).
3.3. Por cada título de diplomado universitario ou equivalente distinto do alegado para ingreso no corpo:	0,15	Fotocopia cotexada do título ou certificación do aboamento dos dereitos de expedición, de acordo co previsto na O.M. do 8 de xullo de 1988 (BOE do 13 de xullo).
4. Cursos de formación: máximo 3 puntos. Por cursos de formación relacionados coa función directiva organizados polas administracións educativas que se atopen en pleno exercicio das súas competencias en materia educativa, por institucións sen ánimo de lucro que fosen homologados ou recoñecidos polas administracións citadas con anterioridade, así como os organizados polas universidades: 0,05 puntos por cada 10 horas.		
4.1. Por actividades e cursos recibidos:	Ata 2	Certificado deles no que conste de modo expreso o número de horas de duración do curso. No caso dos organizados polas institucións sen ánimo de lucro, deberá acreditarse de forma que faga fe o recoñecemento ou homologación.
4.2. Por cursos impartidos:	Ata 1	Certificado deles no que conste de modo expreso o número de horas de impartición no curso. No caso dos organizados polas institucións sen ánimo de lucro, deberá acreditarse de forma que faga fe o recoñecemento ou homologación.
5. Corpo de catedráticos. Por pertencer a un dos corpos de catedráticos regulados na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación:		
6. Proxecto de dirección. Polo proxecto de dirección:	0,50 Ata 12	Fotocopia cotexada do título administrativo ou credencial ou, se é o caso, o boletín en que apareza o seu nomeamento. Orixinal deste.

### ANEXO III

#### Solicitud de participación no concurso de méritos para a selección, nomeamento e cesamento dos directores e directoras dos centros docentes públicos, que imparten as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, na Comunidade Autónoma de Galicia

##### 1. Datos persoais.

Primeiro apelido	Segundo apelido	Nome	
DNI	Enderezo (rúa, praza..., número, piso)		
Localidade (con indicativo postal)	Provincia	Telf. fixo	Telf. móbil



## 2. Datos do destino.

Destino definitivo		Corpo/especialidade	
Destino provisional		Corpo/especialidade	

## 3. Centros docentes que solicita por orde de preferencia.

Orde	Código	Centro	Concello
1			
2			

En \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20\_\_.

Sinatura

## CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

*Orde do 22 de marzo de 2011 pola que se anuncia a convocatoria pública para a provisión, polo sistema de libre designación, dun posto de traballo vacante nesta consellería.*

De conformidade co establecido no artigo 29º.2 do Decreto lexislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia, e no uso das atribucións conferidas polo artigo 17º.4 do referido texto, esta consellería

### DISPÓN:

Primeiro.-Anunciar a convocatoria para cubrir, polo sistema de libre designación, un posto de traballo vacante que se indica no anexo I desta orde.

Segundo.-Poderán concorrer a ela os funcionarios de carreira que reúnan as condicións que para os postos se sinalan no anexo I.

Terceiro.-As solicitudes para participar nesta convocatoria presentaranse no rexistro xeral da Xunta de Galicia (edificios administrativos de San Caetano, Santiago de Compostela), ou nas oficinas previstas no artigo 38º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, no prazo de 15 días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o modelo que se inclúe no anexo II.

Cuarto.-Os aspirantes deberán unir á súa solicitude un *curriculum vitae* e xustificar, mediante certificación ou copia compulsada, os méritos que aleguen.

Quinto.-No caso de resultar seleccionado para ocupar o posto de traballo un funcionario con destino noutra administración pública, tramitarase o seu traslado a esta comunidade autónoma conforme o previsto no Real decreto 364/1995, do 10 de marzo, e nas demais disposicións concordantes.

Sexto.-A resolución desta convocatoria farase pública no *Diario Oficial de Galicia* e poderá declararse deserto o posto de traballo, de considerarse oportuno.

Sétimo.-O prazo de toma de posesión será de tres días, se o destino anterior radica na mesma localidade do novo destino, e dun mes, se radica en localidade distinta ou comporta o reingreso ao servizo activo do funcionario. Este prazo empezará a contar a partir do día seguinte ao do cesamento, que deberá producirse dentro dos tres días seguintes ao da publicación da resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

Oitavo.-Contra esta orde, que esgota a vía administrativa, os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición perante esta consellaría, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no DOG, de conformidade co establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, na súa nova redacción dada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, ou poderán impugnalas directamente perante o xulgado do contencioso-administrativo competente no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, segundo o establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 22 de marzo de 2011.

Samuel Jesús Juárez Casado  
Conselleiro do Medio Rural

### ANEXO I

Código do posto: MA C03 00 000 15770 003.

Denominación do posto: secretario/a do/a director/a xeral.

Nivel: 18.

Complemento específico: 6.447,56 €.

Grupo: C1-C2.

Corpo/escala: xeral.

Adscrición AA.PP.: A11 (adscrición indistinta a funcionarios da Xunta de Galicia, Estado e CC. AA.).

Formación: 641 (para persoal doutra administración, curso de iniciación de galego (requisito imprescindible) e 001 (mecanografía).

Dependencia: Consellería do Medio Rural.